



- E cando lle dala volta...
- E o punto? Dame o punto.
- O punto, aí queres que che digha o punto.
- Que mo toques.

O pandeiro toca ben-he
i as ferriñas danlle o son-he,
as neniñas que o tocan
elas de Cerceda son-he.

Ai larala ...

- Mira, cando é así é pra facer un punto. E cando se lle da a volta é pa facer outro. E chámasele a jota.
- E o maneo?
- Este é o maneo pero...
- O maneo é a forma como se toca e o ritmo que da...
- O son do punto, coma a música.
- Vale igual decir maneo para un ritmo da muiñeira como...
- O mesmo. A muiñeira é unha cousa e a jota e o maneo é outra.
- A muiñeira ten un maneo e a jota ten outro maneo.
- Claro. Acabamos. A muiñeira é (toca a pandeireta) e o maneo é así (toca). A muiñeira así (toca).

Tienes los cabellos rubios
detenidos por la frente
parecen campanas d' oro
que están axudando/llamando a la gente.

Como se manea
su cuerpo querido,
como se manea
/: la trucha nel río :/
Como se manea
su cuerpo querido.